



Amorosa e intelixente Luz

Fina Casalderrey¹

A luz non ten historia
e asume ese misterio que nunca se revela.
Todo é sagrado aquí igual na terra.
(«Mar por medio». *As arpas de Iwerddon*)

O pasado luns 20 de abril, na biqueira dos pés para non facer ruído, foise Luz Pozo Garza, a muller sabia e amable no trato, de perenne xuventude interior, coqueta, de voz doce e talante conciliador; foise a Luz delicada, a «poeta» que con toda a sinxeleza de que era capaz –que era moita–, cando falaba da profundidade que pode haber no sentimento amoroso, aseguraba que «o corazón está cheo de células amorosas e intelixentes». «Poeta do ‘Amor’ con maiúsculas. Cantora consubstancial do Amor», referiuse a ela o profesor Xesús Alonso Montero. «Souben amar», asegurou ela nun dos seus versos.

Dende entón –e malia ese confinamento que nos impediu estar fisicamente a seu carón para despedila de preto, con todas as honras que quixeramos–, son moitas as manifestacións públicas de afecto e admiración que van agromando nos diferentes medios. Todas fermosas, acaídas e merecidas; porén, hai dúas que me con-moveron especialmente.

Unha delas foi un artigo que a filóloga e investigadora Olivia Rodríguez González escribiu en quente, no mesmo día do seu pasa-

1 Fina Casalderrey é académica da Lingua.



www.encrucillada.gal

Só ten acceso ao artigo completo o/a
subscritor/a (en dixital ou en papel)

Se desexa subscribirse prema na seguinte ligazón:

<http://www.encrucillada.gal/index.php?s=3>